



Concerto da “Banda Filarmónica de Lugo”, dirixida polo Profesor Iván Martínez Sabio, na Casa de Vázquez de Traslite, Láncara, casa de labranza con máis de 200 anos de andadura, que na actualidade alberga o Museo Vivo e Integrado do Campo e da Locomoción Agraria, MUVICLA, e entre cuxos músicos está o último representante desta familia

DATA: 28 de abril de 2018

DISTRIBUCIÓN HORARIA DO EVENTO:

- 10.30 a 11.00 → MONTAXE DOS INSTRUMENTOS
- 11.00 a 11.30 → PRESENTACIÓN DE PARTE DO MUSEO “MUVICLA”
- 11.30 a 13.00 → ENSAIO DA BANDA FILARMÓNICA DE LUGO
- 13.00 a 13.45 → CONCERTO, COA INTERPRETACIÓN DAS SEGUINTES OBRAS:

“El Señor de los Anillos” – Johan de Meij

“Joropo” – Johan de Meij

- 14.00 a 15.30 → COMIDA para os compoñentes da banda e os seus acompañantes, con empanada de carne de tenreira galega, empanada de bonito, xamón, queixo, froita e bebidas.
- 15.30 en diante → Visita á explotación gandeira, ao museo, e paseo pola parroquia.

O que se pretende con este evento é o achegamento do rural real a un grupo de persoas, que comparten e representan a sensibilidade pola música de banda, e que, baixo o apelido de “filarmónica”, identifican na cidade de Lugo unha aposta de excelencia cultural a través da música. Esta sensibilidade pode contribuír a fomentar un rural desexado e imaxinado, para que se mude a visión do mesmo coma algo penoso e inaccesible, cando, en realidade, debe representar e representa unha gran oportunidade de emprego asociado á calidade de vida. E como non, parte esencial da cadea alimentaria, da conservación do ambiente, da conservación do territorio e da cultura en tódalas súas expresións.

Ademais, este concerto, pódese considerar “CONCERTO PREINAUGURAL do MUVICLA”, Museo Vivo e Integrado do Campo e da Locomoción Agraria”, iniciativa pioneira en Galicia representante da recuperación do patrimonio arqueolóxico industrial agrario.



AGARDAMOS E DESEXAMOS QUE O PASEDES BEN